

## BANDO INFORMATIVO

### REAPERTURA EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

**Ponse en coñecemento de todos os veciños e veciñas así como da poboación en xeral, que esta Alcaldía, ven de ditar a Resolución nº 2020-0307, de 15 de maio, en relación á reapertura de edificios e instalacións municipais, da que se destaca o seguinte:**

**PRIMEIRO.** Ordénase a **reapertura da Biblioteca Pública Municipal** para actividades de préstamo e devolución de obras a partires do vindeiro luns, 18 de maio. A atención requirirá a solicitude de **cita previa no teléfono 988 329 168.**

**SEGUNDO.** Ordénase, así mesmo, a **reapertura das pistas de tenis e pádel** sitas no complexo das piscinas municipais, exclusivamente para a práctica de deportes sen contacto con terceiros e mantendo as debidas medidas de seguridade e protección contidas na citada Orde. Deberá concertarse **cita previa nas canles habituais**, e respectar a quenda que sexa asignada.

**TERCEIRO.** Ordénase, a partires do vindeiro luns, 18 de maio, a **reapertura das Oficinas Administrativas do Concello de Viana do Bolo** para a atención presencial ó público, exclusivamente para a **realización de trámites ante o Rexistro**, e previa concertación de **cita no teléfono 988 340 120.**

Deberán respectarse, en todo caso, as medidas de prevención e hixiene, mantendo unha distancia de seguridade de 2 metros, se ben **recoméndase o uso de máscara protectora**. As usuarias e usuarios terán a súa disposición xeles hidroalcohólicos para a desinfección de mans, así como máscaras cirúrxicas no caso de non dispor dunha propia.

**CUARTO.** Ordénase, así mesmo, a **reapertura das Oficinas dos Servizos Sociais do Concello** para a atención presencial, suxeita, en todo caso, a concertación de **cita previa no teléfono 988 329 260**, respectando igualmente as medidas sinaladas no ordinal anterior.

Para información ampliada, visita a páxina web do Concello: [www.vianadobolo.gal](http://www.vianadobolo.gal)

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 15 de maio de 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.  
Asinado dixitalmente á marxe.